


UNITAT DIDÀCTICA 5

3r Trimestre

Nivell inicial

Tes que ir!



Programació didàctica

Curs Inicial: Optativa Llengua i literatura gallegues

El Curs Inicial de Llengua i literatura gallegues està dissenyat per implementar-se com a optativa d'ESO amb una càrrega setmanal de 2 hores lectives durant un curs acadèmic, i s'emmarca dins del Nivell A1 del [Marc europeu comú de referència per a les llengües](#):

El Nivell A1 (Inicial) es considera el nivell més baix de l'ús generatiu de la llengua: el punt en què l'aprenent ja pot interactuar d'una manera simple –preguntar i respondre preguntes sobre ell mateix, sobre el lloc on viu, sobre la gent que coneix i les coses que té; iniciar declaracions simples i reaccionar-hi en les àrees relatives a les necessitats immediates o a temes molt familiars– i no ha de confiar exclusivament en un repertori lèxic limitat i memoritzat de frases determinades per a situacions específiques.

Objectius didàctics del curs inicial de Llengua i literatura gallegues:

- Comprensió oral
 - Reconeix **paraules familiars** i expressions molt bàsiques sobre **temes propis de la família i l'entorn concret** i immediat, si la gent parla a poc a poc i amb claredat.
- Comprensió lectora
 - Compren **noms familiars**, paraules i frases molt senzilles; per exemple, les que apareixen en **anuncis, cartells i catàlegs**.
- Interacció oral
 - Es comunica de manera senzilla a condició **que l'interlocutor estigui disposat a repetir** el que ha dit o a dir-ho amb altres paraules i més a poc a poc i **que l'ajudi a formular el que intenta dir. Planteja i respon preguntes senzilles** sobre temes familiars o sobre temes relacionats amb necessitats immediates.
- Expressió oral
 - Utilitza expressions i frases senzilles per **descriure el lloc on viu i la gent que coneix**
- Expressió escrita
 - **Escriu postals** curtes i senzilles; per exemple, per **enviar felicitacions**. **Emplena formularis amb dades personals**; per exemple, el nom, la nacionalitat i l'adreça en una fitxa de registre d'hotel.

Unidade 5: Tes que ir!

Curs	Trimestre	Número UD	Professor/a	Durada
1r	1r	5		12 horas
Activitats		Continguts		Criteris d'avaluació
Comprensió oral		Topónimos de Galicia. Canción "Fisterra" Baiuca		Comprèn frases senzilles i identifica els topònims.
Comprensió lectora		Comprensió do texto dunha postal sinxela.		Comprèn noms familiars, paraules i frases molt senzilles d'una postal
Interacció oral		Expresións para facer recomendacións. Expresións para facer comparacións.		Utilitza frases i expressions bàsiques per fer recomanacions i comparacions.
Expressió oral		Descrición básica dun lugar. Estruturas gramaticais comparativas.		Describe una imatge amb vocabulari bàsic. Compara gustos.
Expressió escrita		Estrutura e elementos básicos dunha postal (Saúdo, fórmulas de despedida e a data: días da semana, meses do ano...) Presente, pretérito e futuro de indicativo do verbo <i>ir</i>		Pot escriure postals curtes i senzilles.

Unidade 5: Tes que ir!

Comprensión oral

Fisterra vai na proa

Unha das cancións tradicionais máis coñecidas e cantadas nas festas de Galicia é a que comeza situando os lugares de Fisterra, Camariñas, Santa Uxía de Ribeira e mais a Pobra do Caramiñal, lugares todos de postal que sen dúbida vos gustaría visitar.



Baiuca & Carlangas - *Fisterra*

Ligazón: <https://www.youtube.com/watch?v=pYu5IAcxpE>

Actividade 1

Escoitade a canción *Fisterra* de Baiuca & Carlangas. A primeira vez, simplemente gozando da música e da letra. A segunda, completando a letra que tedes a continuación.

Fisterra

Fisterra vai na _____,
_____ vai no mar,
Santa Uxía de Ribeira,
Pobra do Caramiñal.

Eu tamén _____,
eu _____ choro,
cando non me alumean, meu ben,
eses teus _____,
eses _____ ollos,
_____ teus ollos,
cando non me alumean, meu ben,
eu tamén choro.

Se queres que brille a _____
_____ os ollos, meu amor,
que mentres os _____ abertos
a lúa _____ que hai sol.

Eu tamén choro,
eu tamén choro,
_____ non me _____,
meu ben,
eses teus ollos,
eses teus ollos,
eses teus ollos,
cando non me _____, meu
ben,
eu tamén choro.

Para _____, Aguiño;
para bolos, Castiñeiras,
para _____ bonitas,
_____.

Actividade 2 (complementaria)

Na canción aparecen os seguintes topónimos (é dicir, nomes de lugar) de Galicia: **Fisterra, Camariñas, Santa Uxía de Ribeira, A Pobra do Caramiñal** (coa variante *póboa*), **Aguiño, Castiñeiras** e **Santiago de Compostela**. Situádeos no mapa e responde as seguintes cuestións:

1. Por que Fisterra se chama así? De onde lle vén o nome?
2. Por que, logo, se di que “vai na proa”? Con que se está a comparar Galicia?
3. Como se chama a costa na que están as vilas de Fisterra e Camariñas?
4. A que concello pertencen as parroquias de Aguiño, Castiñeiras e Santa Uxía?
5. O concello anterior comparte ría co da Pobra do Caramiñal. Que ría é?
6. Santiago de Compostela non é a cidade máis grande de Galicia, pero é moi importante. Por que?

RECURSOS: Google Maps (<https://maps.google.com>)

Galipedia (<https://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>)

Para acabardes, podedes comparar a versión de Baiuca & Carlangas con estouta interpretada polo grupo **Treixadura** (coa mesma melodía pero nun estilo musical distinto...) e ver cal das dúas vos gusta máis. Animádevos a debater (en galego, claro!) sobre as dúas versións!

Fixádevos!

Gústame/che/lle/me/nos/vos/lles moito/pouco...

Gústame/che/lle/me/nos/vos/lles máis/menos....

A versión de....gústame máis.

A versión de....gústame menos/máis ca/que...porque...

Lembrede que tedes algúns exemplos de oracións co verbo *gustar* na unidade 3.

Estruturas gramaticais comparativas:

Igualdade: tan/tanto...coma/como

É tan alegre coma ti.

Ten tanta luz como a miña casa.

Superioridade: máis...ca/que/do que

É máis baixo do que pensei

Inferioridade: menos..ca/que/do que

É menos tímido ca min.

Cando a segunda parte da comparación é un verbo emprégase *do que*.

Contraccións:

ca+o: co *O meu irmán é máis vello có teu.*

ca+a: cá *A túa canción é máis sinxella cá miña.*

ca+os: có *Os seus bolígrafos son mellores có meus.*



Ligazón: <https://www.youtube.com/watch?v=pjBbl4hHPAs>

Comprensión lectora

☞ Moitas veces, cando viaxamos fóra do noso territorio, botamos en falta os nosos seres queridos e por iso lles mandamos postais contándolles o que estamos a facer, como nos atopamos, etc.

Actividade 3

Lede a postal que ides atopar a continuación deste enunciado e responde as preguntas.

1. Como se chama a persoa a quen vai dirixida a postal?
2. Desde onde está escrita a postal? Escribide o nome enteiro da cidade.
3. Que se destaca desta cidade?
4. Na postal fálase do tempo atmosférico. Que tempo fixo?

5. Que lugares visitaron?
6. En que período do curso escolar se escribiu a postal?
7. Como se chama a autora da postal?
8. Que fórmula de despedida se emprega?
9. De onde é a receptora da postal?



Interacción oral

☞ Cando viaxades, hai lugares que vos gustan máis ca outros, sitios aos que volveríades e algúns outros que abonda con visitalos unha soa vez. Para mandardes unha postal, é importante ter isto en conta a fin de recomendar os mellores locais, cidades ou parques para que os vossos seres queridos poidan visitalos tamén.

Actividade 4

En grupos de tres, pensade cales son os locais con máis encanto da vosa cidade, os atractivos turísticos imprescindibles e as características que fan atraente a localidade onde vivides. Escribídeas seguindo a estrutura seguinte:

- O restaurante coa comida máis apetitosa de (nome da cidade) é...
- O bar que pon a mellor música en (nome da cidade) é...
- Se vés a (nome da cidade), tes que visitar...
- Cando vés a (nome da cidade) non podes deixar de ver...
- (nome da cidade) é interesante porque...

Actividade 5

Agora, continuando cos mesmos grupos, presentádelles as propostas que fixestes no exercicio anterior aos vossos compañeiros. Pedídelles a axuda que precisedes ao voso profesor ou profesora para pronunciar correctamente o discurso.

Expresión oral

Imaxínade que xa lle mandastes unha postal a alguén recomendándolle lugares, paisaxes e vilas para visitar. Cando vos reencontredes, esa persoa vaivos preguntar acerca de todo iso e vós teredes de ser capaces de contarllo.

Actividade 6

Botádelle un ollo a esta fotografía do faro de Fisterra, no canto máis atlántico de Galicia, e tendade describilo respondendo as preguntas seguintes. A continuación, por parellas, un fará as preguntas e o outro responderaas; na quenda seguinte, ao revés.




1. De que cor é o ceo? [O ceo é de cor...](#)
2. Que se ve xusto no final das rochas? [Xusto no final das rochas vese...](#)

3. Que sensación che transmite a paisaxe? [Esta paisaxe transmíteme...](#)

4. Hai vexetación nos penedos? [Nos penedos...](#)

Actividade 7

Escollede unha paisaxe que vos guste e tendade facer o mesmo que fixestes no exercicio anterior: formuládevos unhas preguntas, respondédeas a xeito de descrición, como un texto seguido e non como diálogo con preguntas e respostas. Cando rematedes a descrición, explicádella ao voso compañeiro. Se non sabedes como se di algunha cousa, procurádea no dicionario ou preguntádelle ao voso profesor ou a vosa profesora. Seguíde este modelo:



[As Fragas do Eume son un bosque atlántico situado na provincia da Coruña. Nesta paisaxe predomina a cor verde. Ao lonxe hai árbores. Hai unha ponte que parece vella. No primeiro plano hai rochas con carriza e fentos, tamén de cor verde.](#)

Expresión escrita

POSTAL DE GALICIA

☞ Por fin, despois de todos estes meses aprendendo galego, chegou a agardadísima viaxe a Galicia!

Imaxinade que chegastes por tren á estación de Monforte de Lemos e, desde aí (sexa en tren, sexa en autobús, sexa en bici ou sexa en coche de alugueiro...) podedes ir ata aos lugares que máis vos apeteza visitar.

Por onde queredes comezar?

Actividade 8 - Postal de Galicia




Procurade imaxes na rede do lugar de Galicia que quereriades visitar (ou fotos vosas, se xa fostes, do lugar que máis vos gustase!). Mirádeas, inspirádevos e escribídelles unha postal aos vossos familiares ou ás vosas amizades coma se estivédeses alá.

Recomendámosvos que consideredes a introdución dos seguintes elementos na postal:

1. A data (co día da semana e o mes en letra) e mais a indicación do lugar desde onde a escribides.
2. Unha expresión de saúdo (*ola!, bo día!, benquerido amigo, prezada familia...*)
3. Unhas liñas nas que contedes o que fixestes, o que vos gustou ou o que ides facer.
4. Unha fórmula de despedida (*ata a próxima!, adeus!, deica!, moitos bicos!...*)

En todo caso, a postal é vosa! Sede creativos e... boa viaxe!



Fixádevos!**Datas:**

Luns, 24 de xaneiro de 2022

Os días da semana: luns, martes, mércores, xoves, venres, sábado e domingo

Os meses do ano: xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio, xuño, xullo, agosto, setembro, outubro, novembro e decembro.

Verbo *ir*

Presente de indicativo:

vou

vas

vai

imos

ides

van

Pretérito de indicativo:

fun

fuches

foi

fomos

fostes

foron

Futuro de indicativo:

irei

irás

irá

iremos

iredes

iran

Anexo

Actividade 1: Solucións

Fisterra

Fisterra vai na proa,
Camariñas vai no mar,
 Santa Uxía de Ribeira,
 Póboa do Caramiñal.

Eu tamén choro,
 eu tamén choro,
 cando non me alumean, meu ben,
 eses teus ollos,
 eses teus ollos,
eses teus ollos,
 cando non me alumean, meu ben,
 eu tamén choro.

Se queres que brille a lúa
pecha os ollos, meu amor,
 que mentres os tes abertos
 a lúa pensa que hai sol.

Eu tamén choro,
 eu tamén choro,
cando non me alumean, meu ben,
 eses teus ollos,
 eses teus ollos,
 eses teus ollos,
 cando non me alumean, meu ben,
 eu tamén choro.

Para sardiñas, Aguiño;
 para bolos, Castiñeiras,
 para rapazas bonitas,
Santiago de Compostela.

Actividade 3: Solucións

1. Chámase Diana.
2. Santiago de Compostela.
3. A catedral.
4. Non choveu case.
5. O parque de Bonaval, o Monte Pedroso e fixeron unha saída a Conxo.
6. Nas vacacións.
7. Unha aperta.
8. É de Lugo.